



## *Santa Inés*

Lorena Conde, Ed Urutau, 2019

A pedra que desbotaron os  
canteiros é agora o esquinhal.  
(Mt 21, 42)

O pasado mes de decembro vinme inmersa no Programa Hildegarda: as mulleres na tradición cristiá. Xornadas para un diálogo feminista, programa cultural auspiciado polo Concello de Santiago de Compostela, da man de Lorena Conde e o grupo de teatro A Feroz. O cartel do programa, que é a imaxe da tapa do libro, xa avisa: a Susana de Reni Guido (Cadro: *Susana e os vellos*, 1620, National Gallery de Londres) leva máscara antigás, o seu peito convertido no dunha activista Femen no que campá a frase latina *Noli me tangere*, «non me toques», a frase que a Vulgata pon en boca de Xesús resucitado no seu diálogo con María de Magdala, segundo relata o evanxeo de Xoán.

Santa Inés é un reto que segundo a súa autora, busca «propiciar un contexto que dea conta da complexidade do fenómeno feminista dentro da cultura cristiá e da convivencia entre laicas e crentes», pero vai moito máis aló. A posta en escena do texto converteu o cruceiro da igrexa da Universidade da USC na ara onde son sacrificadas as Santas Inés de onte e hoxe, nun brinco escénico entre o teatro e a espiritualidade, entre o feminismo e a mística. O Programa Hildegarda xira arredor deste texto escénico que a Feroz propón como o primeiro chanzo dunha particular escaleira que nos propón ascender do feminismo á Trascendencia.

O primeiro chanzo foi a representación teatral de *Santa Inés*, un texto de profundidade próxima á mística. Parte da acta do martirio de Inés de